



www.bng.gal
sedenacional@bng.gal
facebook.com/obloque
instagram.com/o_bloque
X.com/obloque

Na Galiza temos unha terra e un mar únicos, con moita riqueza e potencialidade. Grazas a eles producimos alimentos de extraordinaria calidade. Máis, lamentablemente, día tras día vemos como o goberno do PP á fronte da Xunta de Galiza opta por darlle as costas ao sector primario, á industria de transformación e ao comercio de proximidade. O goberno do PP na Xunta de Galiza impón un modelo de consumo ao servizo das grandes áreas comerciais de capital foráneo, que nos empobrece, atenta contra a nosa saúde, e mesmo xera hábitos de vida e de ocio deshumanizados.

Desde o **Bloque Nacionalista Galego** defendemos que o consumo e a aposta polos produtos galegos ten que ser unha prioridade na política económica, de comercialización e mesmo de comunicación da Xunta de Galiza.

Un goberno do BNG á fronte da Xunta de Galiza defenderá que na Galiza as persoas produtoras obteñan o máximo beneficio, e que as actividades agrogandeira, pesqueira e marisqueira, a súa transformación e comercialización, sexan un factor de xeración de emprego e dinamización económica neste país, que tanta falta fai.

A GALIZA QUE VÉN!

Apoiar o comercio de proximidade é unha das mellores maneiras de xerar riqueza para Galiza, de humanizar cidades e impedir a desertización dos nosos concellos. Está na nosa man modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega, de extraordinaria calidade. Temos comercio e produtos de primeira, no BNG témolo claro!

POR ISO, APOSTAMOS POR...

- Incentivar a compra de produtos locais e galegos, con promoción da etiquetaxe en lingua galega.
- Oposición á instalación na Galiza de grandes superficies comerciais de capital transnacional.
- Recuperación dos mercados municipais e as zonas comerciais tradicionais.
- Promoción da produción alternativa e ecolóxica.
- Impulso dunha marca de calidade e de identificación da orixe, dos produtos da horta galega, así como para produtos pesqueiros e marisqueiros, e prezos xustos para o leite galego.
- Regulación dos horarios comerciais.
- Estabelecemento de liñas de crédito prioritarias para o comercio de proximidade. Promoción de alternativas de venda on line, fronte outras opcións hoxe hexemónicas.
- Promover axudas para implantar ou mellorar establecementos que comercialicen produtos autóctonos.



www.bng.gal
sedenacional@bng.gal
facebook.com/obloque
instagram.com/o_bloque
[X.com/obloque](https://x.com/obloque)

